

# Curso de preparación exame PET de Cambridge

**TIPO: Anual**

DURACIÓN: 110 horas

LUGAR: Campus de Vigo.

## Obxectivos

Curso de inglés para a preparación do exame PET (*Preliminary English Test*) outorgado pola *University of Cambridge ESOL Examinations*.

O exame corresponde ao nivel B1 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas, segundo o cal o nivel B1 adquirese cando o/a estudante é capaz de comprender os puntos principais de textos claros e en lingua estándar si tratan sobre cuestións que lle son coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de lecer; cando sabe desenvolverse na maior parte das situacións que poden xurdir durante unha viaxe; cando é capaz de producir textos sinxelos e coherentes sobre temas que lle son familiares ou nos que ten un interese persoal; e cando pode describir experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como xustificar brevemente as súas opinións ou explicar os seus plans.

O exame distribúese en 3 partes: *Reading and Writing, Listening e Speaking*.

## Como acceder

O requisito para acceder ao curso é que as/os solicitantes teñan coñecementos básicos de inglés, que deberá acreditarse aportando un certificado de nivel A2 ou a través da realización dunha proba de nivel.

Quedarán exentos da realización da devandita proba aquelas/es solicitantes que posúan algunha das seguintes certificacións obtidas nos últimos 3 anos:

- Nivel Básico 2 da EOI
- Acreditación nivel A2 expedida polo Centro de Linguas
- KET Cambridge
- Puntuación 3,5 no exame IELTS

## Certificados

- CERTIFICADO DE ASISTENCIA: é preciso asistir ao 85 % das clases

## **Prezos \*\***

Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 429 €

Público en xeral: 520 €

## **Outros datos de interese**

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

O exame realízase na Escola Rosalía de Castro, Bembrive, Vigo.

\* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.

**\*\*O prezo do exame non está incluído no curso**